

CAMPIONATOS PROVINCIAIS A CORUÑA 2025

Organización: Círculo Ferrolano de Ajedrez

Dirección: Juan Vicente Rodriguez Rey (OI)

Árbitro Principal: Rodrigo Cubero Ferreiro (AF)

Data: Sábado, 11 de Xaneiro de 2025.

Lugar de xogo: Casa do Xadrez Ferrolá sita no Edificio Portanova - 2º andar

Categorías:

Sub - 12 "Alevíns": nados nos anos 2013 e 2014

Sub - 16 "Cadetes": nados nos anos 2009 e 2010

Se nalguna categoría non hai 6 participantes agruparanse as categorías segundo o indicado no artigo 59.2.1 do Regulamento Xeral de Competicións da FEGAXA.

Sistema de xogo*:

Sistema Suízo, podería ser por sistema liga en caso de haber poucos xogadores nalguna categoría. Empregarase o programa de emparellamento VEGA e non se admitirán reclamacións aos emparellamentos nin desempates calculados.

*Posibilidade de modificar o número de roldas segundo o número de inscritos. A organización está obrigada a anunciar calquera cambio con 48 horas de antelación na web www.fegaxa.org

Calendario de competición:

CATEGORÍA SUB-12:

Ritmo de xogo: 20'+10''

Horarios: 11:00, 12:00, 13:00, 16:00, 17:00 e 18:00 horas.

CATEGORÍA SUB-16:

Ritmo de Xogo: 30'+15''

Horarios: 10:00, 11:30, 13:00, 16:30 e 18:00 horas.

Inscripcións: no email xoanrei@gmail.com indicando nome, apelidos, categoría e club ata o xoves, 09/01/2025. Poderán participar os xogadores federados en clubs e xogadores independentes da provincia da Coruña na tempada 2025 e que teñan nacionalidade española, bandeira deportiva FIDE española e ser seleccionables por Galicia.

Desempates:

1. Enfrontamento directo (DE)
2. Bucholz -1 (BH-C1)*
3. Bucholz total (BH)*
4. Media de Elo dos opoñentes -1 (ARO-C1**)
5. Media das perfomances dos rivais (APRO**)
6. Sorteio

* Nas partidas non disputadas aplicarase a modalidade Bakú 2023 da FIDE tanto para o cálculo dos rivais como do propio xogador

Tempo de espera: 20 minutos na categoría sub-12 e 30 minutos na categoría sub-16.

Árbitros auxiliares:

- AA
- AAB
- AAB

Comité de apelación: Estará formado polo director do torneo e os árbitros do evento

Premios: para os tres primeiros clasificados de cada categoría.

Clausura: o remate da derradeira rolda de cada categoría.

Aceptación: os delegados de cada club e os xogadores inscritos, autorizan á organización do torneo á difusión de información ou á utilización de imaxes ou do nome do equipo e os dos seus xogadores nos medios de comunicación ou en publicidades e memorias da competición, sempre que non representen menoscabo da súa honra ou reputación, ou que sexa contraria aos seus intereses, e sempre dentro do marco legal que se fixa no Código Civil, na Lei de Enxuzamento Civil e na Lei Orgánica 3/2018, de 5 de decembro, de Protección de Datos Personais e Garantía dos Dereitos Dixitais.

CESIÓN DE DEREITOS DE IMAXE

A inscrición neste torneo implica a aceptación das bases do mesmo así como autoriza de forma expresa e voluntaria á ORGANIZACIÓN, a empregar gratuitamente os vídeos, imaxes e/ou audios nos que este interveña, incluso aqueles facilitados polo mesmo coa finalidade de publicar nas páxinas web así como en calquera das redes sociais das que forme parte ou outra publicación impresa e/ou dixital co fin de dar unha maior visibilidade e/ou difusión á actividade da Organización.

Dita autorización refírese á totalidade dos usos que poidan ter os vídeos, imaxes e/ou audios nos que apareza, empregando os medios técnicos coñecidos na actualidade e os que puideran desenvolverse no futuro, e para calquera aplicación. Todo elo coa única salvedade e limitación daquelas utilizacións ou aplicacións que puideran atentar contra o dereito ao honor nos termos previstos na Lei Orgánica 1/1982, de 5 de maio, de Protección Civil ao Dereito ao Honor, a Intimidade Persoal e Familiar e á Propia Imaxe.

A autorización non fixa ningún límite de tempo para a súa concesión nin para a explotación nas que apareza, polo que a autorización considérase concedida por un prazo de tempo ilimitado.

